

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universität Zürich (Suiza) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas

O secretario xeral da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude formalizou coa Universität Zürich (Suiza) o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2026 ata o 31/12/2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e a Universität Zürich (Suiza), para a docencia, a investigación e máis a promoción da lingua, literatura e cultura galegas, non só no ámbito académico da universidade, senón tamén na súa área de influencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, promove o ensino da lingua, literatura e cultura galegas, como trazo diferencial e máxima expresión da identidade do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura deste convenio, coa correspondente axuda que nel se



recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto deste e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.

Que a citada universidade é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial e o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitados para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrência en convocatoria pública.

Que a universidade, que declara cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 2016, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, literatura e cultura galegas aos plans de estudo da Universidade

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na normativa vixente en materia de contratos públicos nin con outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de darlle cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

